



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBA O REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “Proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de expropiación de Galicia”, emite o seguinte,

INFORME

1º.- Competencia e marco legal aplicable

O artigo 149.1.18º da Constitución atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre expropiación forzosa, correspondendo ás Comunidades Autónomas a competencia de execución en materia de expropiación, cando estas se refiran a sectores do ordenamento ou ámbitos materiais que sexan da súa propia competencia, o que unido á potestade de autoorganización destas administracións, conduce á posibilidade de que as mesmas arbitren ou insten medidas lexislativas tendentes á creación, organización e funcionamento de órganos específicos aos que lles corresponda o exercicio daquelas competencias.

Neste sentido, o Tribunal Constitucional recoñeceu en distintas sentenzas, que aínda que a competencia lexislativa do Estado é plena, as Comunidades Autónomas poden incorporar especialidades en relación cos ámbitos materiais en que teñan competencias e tamén no que atinxe a cuestión de índole organizativa. (SSTC 37/1987, 319/1993 ou 61/1997, entre outras).

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 28.2 atribúe esta Comunidade



Autónoma a facultade de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado sobre expropiación forzosa e os artigos 27.1 e 39 atribúelle a a potestade de autoorganización para crear as súas propias institucións de autogoberno e particularmente a súa propia Administración Pública.

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia creou o Xurado de Expropiación de Galicia e o Decreto 223/2005, do 16 de xuño, regula a súa organización e funcionamento, configurándoo como un órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma, especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a Administración expropiante sexa a Comunidade Autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial.

Posteriormente, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e seu regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro, regulan os principios básicos da súa organización e funcionamento. E o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, modifica a consellería de adscrición e regula determinadas cuestións relativas a súa Presidencia.

2º.- Estrutura

O proxecto de Decreto estruturase do seguinte xeito:

- Un artigo único polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia.
- Dúas disposicións adicionais: a primeira, prevé a posibilidade de colaborar coa Administración Xeral do Estado, da que dependen os catro xurados provinciais de expropiación existentes en Galicia e a segunda, prevé a elaboración dunha memoria anual de actividades do órgano.



- Unha disposición derogatoria única, que derroga o Decreto 223/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia, a disposición derradeira terceira do Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e a disposición adicional cuarta do Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

- Tres disposicións derradeiras: a primeira, habilita á persoa titular da consellería de adscrición do Xurado; a segunda, habilita a persoa titular da Presidencia do Xurado para establecer os formularios normalizados necesarios para a tramitación dos procedementos que se regulan no decreto; e a terceira, fai referencia á entrada en vigor.

E o Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior, que aproba o decreto, estruturase en cinco capítulos:

Capítulo I. Disposicións xerais

Capítulo II. O Pleno

Capítulo III. As seccións

Capítulo IV. Réxime de funcionamento

Capítulo V. Organización administrativa

3º.- Obxecto da disposición

O obxecto do proxecto de decreto é actualizar a regulación da organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia, dado que o tempo transcorrido dende a entrada en vigor do Decreto 223/2005, do 16 de xuño, a experiencia acadada durante os doce anos de funcionamento do Xurado, así como a normativa aprobada con posterioridade ao Decreto 223/2005, do 16 de xuño, poñen de manifesto a necesidade de introducir cambios nesta regulación.



O Capítulo I do Regulamento refírese ás disposicións xerais e regula a natureza do Xurado, as funcións que debe desenvolver o mesmo, a adscrición e sede e o seu funcionamento, en pleno e en seccións.

O Capítulo II aborda todos os aspectos relacionados cos integrantes do Pleno, regulando a designación e funcións da Presidencia, da Secretaría e das vogalías que o compoñen.

Como principais novidades neste capítulo: regulase o nomeamento da presidencia segundo o que establece o Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, polo que terá nivel orgánico e retributivo de subdirección xeral e será nomeada por orde da consellería, entre funcionarios de carreira, previa convocatoria pública segundo os principios de igualdade, mérito e capacidade; ampliase un vogal en representación dos colexios profesionais, polo que estes últimos pasan de tres a catro; e prevese a posibilidade de que asista ás sesións do pleno un representante da Administración expropiante, posibilidade que ata agora só estaba prevista para as entidades locais.

No Capítulo III abórdase a composición das seccións do Xurado e as súas funcións. Como principais novidades, incrementase o número de vogais das seccións, que pasa de catro a cinco e créase a figura da Secretaría da Sección.

O Capítulo IV refírese ao réxime de funcionamento do Xurado, regulando o réxime de incompatibilidades dos seus membros; as causas de abstención e recusación dos mesmos; a percepción de indemnizacións por asistencia ás reunións do Pleno e as seccións; as convocatorias das reunións do Pleno e das seccións; os distintos procedementos que tramita o Xurado; ampliase o prazo para tramitar o expedientes, que pasa de 3 a 6 meses; regulase a tramitación electrónica de procedementos, xa que as Administracións expropiantes e os expropiados, cando sexan persoas xurídicas o profesionais colexiados, son



suxeitos obrigados a relacionarse electricamente co Xurado. Polo que unha vez aprobado o regulamento prevese a publicacións de formularios normalizados para realizar tramites a través da Sede Electrónica da Xunta así como a notificación electrónica das resolucións.

Por ultimo, o Capítulo V regula a estrutura administrativa do persoal adscrito ao Xurado para o exercicio das súas funcións, cando este non actúa como órgano colexiado.

4º- Tramitación

A tramitación deste proxecto de decreto desenvolveuse con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:

- 1) Con carácter previo ao inicio da tramitación do anteproxecto de decreto, este foi sometido a consulta publica previa entre o 27 de abril e o 15 de maio de 2018, prazo durante durante o que non se presentaron alegacións.
- 2) O 23 de maio de 2018, a presidenta do Xurado asinou a memoria xustificativa do anteproxecto de decreto
- 3) O 28 de xuño de 2018 a conselleira de Infraestruturas e Vivenda acordou o inicio da tramitación do Anterproxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia.
- 4) O 3 de xullo de 2018, foi emitido informe do Servizo Técnico Xurídico.



5) O 3 de xullo de 2018, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda aprobou inicialmente o proxecto de Decreto polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime interior do Xurado de Expropiación de Galicia.

6) O proxecto de decreto foi publicado no portal Web de "Transparencia e Goberno Aberto" da Xunta de Galicia entre o 5 de xullo e o 27 de xullo de 2018, sen que se recibisen alegacións.

7) O proxecto de decreto foi sometido informe da:

- Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 20 de xullo de 2018.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 30 de xullo de 2018.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 6 de agosto de 2018.

8) Así mesmo, o proxecto de decreto foi sometido a trámite de audiencia das seguintes entidades:

- Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
- Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)
- Consello Galego de Consumidores e Usuarios
- Colexios profesionais oficiais de: Enxeñeiros de Camiños , Canles e Portos; de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia; de Enxeñeiros Industriais de Galicia; de Arquitectos de Galicia; de Enxeñeiros de Montes de Galicia; de Minas do Noroeste de España; Consello Galego de Colexios de Economistas
- Colexio Notarial de Galicia

9) Por último, o 11 de outubro de 2018, foi emitido informe favorable da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.



10) Durante a tramitación deste procedemento foi aprobado o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que supuxo un cambio na denominación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda que pasou a denominarse Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que dita modificación foi recollida no proxecto de decreto.

6º.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao Consello da Xunta para a súa aprobación como Decreto.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2016

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales



